ANTEPROXECTO DE ESTATUTOS DA AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS

ANTEPROXECTO DE ESTATUTOS DA AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS

Autonómica

TÍTULO I
DISPOSICIÓNS XERAIS
CAPÍTULO PRIMEIRO

NATUREZA, FINS E RÉXIME XURÍDICO

Artigo 1. Natureza e duración temporal

1. A Axencia Galega de Servizos Sociais é unha Axencia Pública Autonómica creadaao abeiro do artigo 34.1 da Ley 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais deGalicia, así como da disposición adicional quinta do Decreto Lexislativo 1/1999, do7 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Réxime Financiero e Orzamentario de Galicia.

2. A Axencia Galega de Servizos Sociais adscríbese ao Departamento da Xunta de Galicia con competencias en materia de servizos sociais, no que baixo a súadirección e tutela xestiona as competencias que lle corresponden de conformidadecoa a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, e os presentesestatutos.

3. Para o cumprimento dos seus fins a Axencia Galega de Servizos Sociais está dotadade personalidade xurídica pública, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, facultada para exercer potestades administrativas no marco do cumprimento dosprogramas correspondentes ás políticas públicas de servizos sociais, no ámbito dassúas competencias.

Artigo 2. Fins.
A Axencia Galega de Servizos Sociais ten como fins xerais da súa actuación os seguintes:

a) Acadar un aproveitamento óptimo e a racionalización no emprego dos recursos adicados aos servizos sociais, asegurando o maior nivel de eficacia e eficiencia naxestión e prestación dos mesmos.

b) Velar pola plena efectividade do principio de responsabilidade pública na prestacióndos servizos sociais.

c) Coordinar o exercicio das actuacións públicas e privadas en materia de servizos sociais, promovendo o establecemento de convenios, concertos ou calesquera outras fórmulas de coordinación ou cooperación que permitan unha utilización óptima e racional dos recursos.

Artigo 3. Potestades administrativas e relacións con outras Administracións1.

A Axencia Galega de Servizos Sociais, como entidade instrumental de dereito público, poderá exercer as potestades administrativas necesarias para ocumprimento dos seus obxectivos e funcións no ámbito dos programas correspondentes ás políticas públicas da Comunidade Autónoma de Galicia nas materias propias da súa competencia así como respecto de todas aquelas actividadese funcións que correspondan á mesma, agás a potestade expropiatoria.

2. Os actos ditados no exercicio de potestades administrativas pola Axencia Galega de Servizos Sociais son susceptibles de recurso administrativo ante a consellería competente en materia de servizos sociais.

3. As relacións da Axencia cos órganos da Administración da Comunidade Autónomae das restantes Administracións públicas ás que dea lugar o exercicio das funciónspropias da entidade, serán mantidas polo/a Presidente/a da Axencia, no marco queestableza o Consello Reitor. O/a Presidente/a poderá delegar o desenvolvemento ordinario de ditas relacións na Dirección Xerencia.

Artigo 4. Réxime xurídico

A Axencia Galega de Servizos Sociais rexerase, ademáis de polo previsto nestes estatutos, pola Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, polas normas regulamentarias que se dicten en desenvolvemento desta, pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, polo texto refundido da Lei de réxime financeiro eorzamentario de Galicia, así como polas demais normas que resulten de aplicación aos organismos e entidades públicas vinculados ou dependentes da Administración xeral da Comunidade Autónoma.A Axencia Galega de Servizos Sociais está sometida ao dereito público na formación davontade dos seus órganos, no exercicio das potestades administrativas que ten atribuídas e naqueles aspectos que de acordo coa lexislación xeral administrativa ou orzamentaria deba someter ao dereito público.

CAPÍTULO SEGUNDO

SÉ, FUNCIÓNS E COMPETENCIAS DA AXENCIA

Artigo 5 . Adscrición e Sé

1. A Axencia Galega de Servizos Sociais está adscrita á Consellería competente en materia de servizos sociais.
2. A Axencia Galega de Servizos Sociais ten a súa sé principal en Santiago de Compostela. A sé da Axencia poderá ser trasladada, sendo necesario a tal efecto acordo adoptado polo Consello Reitor.
3. Asimesmo, a Axencia estará facultada para establecer outras sés territoriais nos lugares nos que desenvolva as súas funcións.

Artigo 6. Funcións e competencias.

1. Á Axencia Galega de Servizos Sociais, como entidade instrumental de Dereito público, encoméndaselle, en réxime de descentralización funcional e en ejecución de programas específicos do Departamento competente en materia de servizos sociais, a realización de actividades de fomento, prestacionais ou de xestión de servizos públicos en materia de servizos sociais. En concreto, a Axencia exercerá as seguintes funcións:

a) A xestión de equipamentos, prestacións económicas, programas e servizos decompetencia autonómica en materia de servizos sociais.

b) A realización de actividades de fomento destinadas ás entidades prestadoras de servizos sociais.

c) O exercicio das actividades que se determinen na planificación de servizos sociais prevista na lexislación, e, en xeral, aquelas que lle sexan encomendadas dende o Departamento competente en materia de servizos sociais.

2. Sen prexuízo do sinalado no parágrafo anterior, corresponderá ao Departamentocompetente en materia de servizos sociais as funcións de planificación xeral, a formulación do catálogo de servizos sociais, a elaboración de disposicións de carácter xeral, o réxime de rexistro, autorización e acreditación, así como o exercicio das potestades inspectora e sancionadora.

TÍTULO II
ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS

CAPÍTULO PRIMEIRO.

ORGANIZACIÓN DA AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS

Artigo 7. Organización xeral.

A Axencia Galega de Servizos Sociais está composta polos seguintes órganos, que integran a súa estructura órganica:
a) Órganos de goberno, participación e control da xestión:
- Colexiados: Consello Reitor.- Unipersoais: Presidente do Consello Reitor.
b) Órganos executivos, de dirección e xestión:- Dirección Xerencia da Axencia
c) Órganos de control- Comisión de control
d) Órganos complementarios
- Secretaría Xeral.
- Consello asesor.

CAPÍTULO SEGUNDO

ÓRGANOS DE GOBERNO, PARTICIPACIÓN E CONTROL DA XESTIÓN

Sección primeira

O Consello Reitor

Artigo 8.

O Consello Reitor. O Consello Reitor é o órgano superior de goberno da Axencia Galega de ServizosSociais e ten carácter colegiado

Artigo 9

Composición, nomeamento e cese dos membros do Consello Reitor.

1. O Consello Reitor estará integrado polos seguintes membros:

a) O titular do Departamento competente en servizos sociais, ou persoa en que delegue, que o presidirá.

b) O Director ou Directora Xerente da Axencia ostentará a condición de Vicepresidente e substituirá ao Presidente en casos de ausencia, enfermidade ou outra causa.

c) Seis representantes da Xunta de Galicia. Serán propostos polo titular do Departamento competente en materia de servizos sociais, que deberán ostentar, como mínimo, o rango de ____. O seu nomeamento e cese realizarase polo Presidente do Consello Reitor.

d) Un representante da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

e) Un representante da Consellería competente en materia de Facenda.

f) Cinco representantes dos Concellos de Galicia, que serán libremente nomeados e cesados pola Federación Galega de Municipios e Provincias.

2. Exercerá a secretaría do Consello, con voz e sen voto, un funcionario da Axencia Galega de Servizos Sociais, que será designado polo Consello Reitor a proposta da Presidencia da Axencia.

3. Poderán asistir ás sesións do Consello Reitor, con voz pero sen voto, todas aquelaspersoas que sexan convocadas polo/a Presidente/a, en calidade de expertos en relación coas materias incluidas na orde do día para ás que o seu ditame ou asesoramento sexa relevante.

4. Todas as partes representadas no Consello poderán designar suplentes en igual número que os titulares, que actuarán, exclusivamente, en ausencia destes. Esta designación dos suplentes deberá realizarse pola Administración ou ente representado xunto coa designación dos representantes titulares.

5. O cese dos membros do Consello Reitor poderá ter lugar por calquera das seguintes causas:

a) Por falecemento.
b) Por cese no cargo público que lle outorgaba a condición de membro.
c) Por declaración de incapacidade ou inhabilitación para o desempeño de cargopúblico realizada por sentenza xudicial firme.
d) Por renuncia, no caso de que se trate de membros que foran desginados sen atención ao seu cargo.
e) Por separación acordada polo Consello da Xunta de Galicia por incumprimento grave das súas obrigas, incompatibilidade sobrevida ou condea por delito doloso, previa instrucción de expediente, que terá caracter contraditorio, polo citado Consello da Xunta de Galicia.

Artigo 10. Facultades do Consello Reitor.

Corresponden ao Consello Reitor da Axencia Galega de Servizos Sociais as siguientes facultades:

a) O seguimento, a supervisión e o control superiores da actuación da Axencia e da xestión da Dirección-Xerencia.
b) Aproba-la proposta do Contrato de Xestión da Axencia.
c) A aprobación dos obxectivos e plans de acción anuais e plurianuais, así como os criterios cuantitativos e cualitativos de medición do cumprimento de ditos obxectivos e do grao de eficiencia na xestión, no marco do establecido no Contrato de Xestión.

d) A aprobación do anteproxecto de orzamentos anuais e a contración de calquera obriga de carácter plurianual dentro dos límites fixados no Contrato de Xestión.
e) O nomeamento e o cese do/da titular da Secretaría Xeral da Axencia, a proposta da Presidencia.
f) O nomeamento e o cese do/da titular da Dirección Xerencia da Axencia, a proposta da Presidencia entre as persoas que reúnan a cualificación necesaria para o posto.
g) O control das actuacións da Presidencia que estean ligadas coa dirección e xestión ordinaria da Axencia.
h) A aprobación dun informe xeral de actividade e de cantos extraordinarios considere precisos sobre a xestión, valorando os resultados obtidos e consignando as deficiencias observadas.
i) A aprobación das contas anuais e o informe de auditoría de contas e, no seu caso, a distribución do resultado do exercicio, de conformidade coa legislación orzamentaria.
j) A proposta de relación de postos de traballo da Axencia, a determinación dos criterios de selección do persoal, así como a aprobación das convocatorias dos procesos selectivos do persoal laboral, nos termos previstos pola legislación aplicable.
k) Designar ao/á Secretario/a do Consello Reitor.
l) Aprobar o proxecto de modificacións de estatutos, a proposta da Dirección Xerencia.
m) Dicta-las normas internas de funcionamento, desenvolvemento orgánico e de adopción de acordos do propio Consello Reitor e da Axencia naquelo que non se atope previsto nos presentes estatutos dacordo coa Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
n) Designar ós membros da Comisión de Control.
o) A aprobación dos acordos, pactos e convenios que considere convenientes ou necesarios para a realización dos fins da Axencia.
p) O nomeamento e cese do persoal directivo da Axencia, a proposta da Presidencia
q) Acorda-lo exercicio das accións e dos recursos que correspondan á entidade na defensa dos seus intereses ante as Administracións Públicas e os órganos xudiciais de calquera orde ou xurisdición, sen prexuízo do establecido no artigo 20.c) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.
r) A aprobación, sen prexuízo das potestades de decisión doutros órganos da Administración autonómica, no seu caso, e para o mellor cumprimento dos seus fins, da creación ou participación da Axencia en sociedades mercantís ou fundacións.
s) Adopta-lo logotipo, selo ou selos como imaxe representativa da Axencia, e autoriza-lo seu uso.
t) Calquera outras que lle atribúan os presentes estatutos e o resto da normativa aplicable. O Consello Reitor da Axencia poderá delegar na Presidencia aquelas funcións propias que aquel estime necesario e sexan suceptibles de delegación.

Artigo 11. Normas de funcionamento do Consello Reitor.
1. O Consello Reitor, funcionará en Pleno, e reunirase, polo menos, _____, así como cando o convoque o seu Presidente de acordo coas normas de réxime interno que o propio Consello aprobe.
2. Nas súas deliberacións, acordos e funcionamento, o Consello Reitor axustarase ás normas relativas aos órganos colexiados contidas no Título II, Capítulo II, Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ou norma que a substitúa, e pola lexislación que o Parlamento de Galicia dite en desenvolvemento daquela.
3. O Consello Reitor quedará válidamente constituido sempre que asistan o/a Presidente/a, o/a Secretario/a ou persoa que os substitúa, e, polo menos, a metade dos seus membros.

4. A Axencia Galega de Servizos Sociais facilitará o soporte e a asistencia administrativa e económica que o funcionamento do Consello Reitor precise para o correcto desenvolvemento dos seus cometidos e de conformidade co establecido nos orzamentos da entidade.
5. Sen prexuízo do anterior, poderanse constituír comisións especiais de traballo coa finalidade e duración que o propio Consello determine de acordo coas súas normas internas de funcionamento.

Artigo 12. Asesoramento
O Consello Reitor pode recibir en calquer momento o asesoramento daquelas persoas que considere conveniente para un mellor exercizo das funcións previstas no artigo 10_ dos presentes estatutos, ben polos seus coñecementos, preparación, prestixio ou ben por outras circunstancias, e que serán convocadas ao efecto.

Sección segunda

Presidencia

Artigo 13.- A Presidencia
Ostentará a Presidencia da Axencia Galega de Servizos Sociais a persoa titular da Consellería competente en materia de servizos sociais.

Artigo 14. Funcións da Presidencia.
As funcións da Presidencia, como órgano unipersoal, serán as seguintes: a. Ostentar a máxima representación institucional da Axencia, sen prexuízo das funcións de representación legal que corresponden á Dirección Xerencia.
b. Presidir o Consello Reitor así como velar pola execución dos seus acordos, ostentando tódalas demáis competencias que lle correspondan como Presidente/a do órgano colexiado, de conformidade co disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
c. Vixiar o desenvolvemento das actividades da Axencia, velando polo cumprimento dos presentes estatutos e pola consecución dos obxectivos propios da mesma.
d. Celebrar acordos e convenios no nome da Axencia.
e. Propoñer ao Consello Reitor o nomeamento ou separación do/a titular da Dirección Xerencia e dos membros da Comisión de Control.
f. Informar á Consellería competente sobre a execución e cumprimento dos obxectivos fixados no Contrato de Xestión.
g. Conferir poderes xerais ou especiais a persoa ou persoas determinadas.
h. Decidir co seu voto de calidade calquera empate nas decisións que o Consello Reitor deba tomar.
1. O/a Presidente da Axencia poderá delegar no/na titular da Dirección Xerencia aquelas funcións propias que aquel/aquela estime necesario e sexan suceptibles de delegación.

CAPITULO TERCEIRO

ÓRGANOS DE DIRECCIÓN E XESTIÓN

A Dirección Xerencia

Artigo 15. Nomeamento e separación do Director ou Directora Xerente
O Director ou Directora Xerente é nomeado e separado libremente polo Consello Reitor a proposta do Presidente entre persoas que reúnan a cualificación necesaria para o cargo, segundo se determina no presentes estatutos.

Artículo 16. **Funcións da Dirección Xerencia**

1. A Dirección Xerencia da Axencia Galega de Servizos Sociais é a responsable da dirección e xestión ordinaria da Axencia e exerce as competencias inherentes á devandita dirección, así como as que expresamente se lle atribúen na legislación aplicable e nos presentes estatutos. En concreto, a Dirección Xerencia exercerá as seguintes funcións:
a) Asumir a máxima responsabilidade de funcionamento da Axencia Galega de Servizos Sociais.
b) Exercer a función de representación da entidade.
c) Elaborar e propoñer ao Consello Reitor o proxecto de Contrato de Xestión.
d) Elaborar as propostas de modificacións dos estatutos.
e) Elaborar as normas de réxime interior da Axencia, e, se é o caso, dos centros e unidades adscritos a ela.
f) Exercer a xefatura superior de todo o persoal da Axencia e a alta inspección dos servizos e a potestade disciplinaria mediante a resolución dos expedientes disciplinarios.
g) O establecemento das medidas axeitadas para o exercicio das funcións que en materia de control, seguimento e vixiancia que corresponden á Axencia
h) Propoñer ao Consello Reitor, para a súa aprobación, o nomeamento do persoal directivo da Axencia, de conformidade cos criterios de profesionalidade, mérito e capacidade, así como a proposta para o seu cesamento.
i) Elaborar o cadro de persoal e a relación de postos de traballo da Axencia dentro do marco de actuación en materia de recursos humanos que se estableza no Contrato de Xestión, e propoñer a súa aprobación ao Consello Reitor
j) Elaborar a previsión de necesidades de persoal da Axencia.
k) Executar os acordos do Consello Reitor e exercer as funcións que este lle delegue.
l) A proposta de resolución dos recursos administrativos contra os actos dos órganos da Axencia e as reclamacións previas ás vías civil e laboral, instruindo asemade os procedementos de responsabilidade patrimonial que se tramiten contra a mesma.
m) Elaborar o proxecto de plan anual de actividades da Axencia e a súa memoria xustificativa.
n) Elaborar a memoria anual sobre a actuación e a xestión da Axencia.
o) Elaborar o anteproxecto de orzamentos da Axencia.
p) Executar os orzamentos e o plan anual de actividades da Axencia.
q) Autorizar os pagamentos e os gastos da Axencia, de conformidade coa normativa vixente
r) Elaborar o inventario de bens e dereitos da Axencia para a súa aprobación anual polo Consello Reitor..
s) Conservar e defender o patrimonio da Axencia e obter dos seus bens os rendementos normais de que fosen susceptibles.
t) Actuar como órgano de contratación da entidade, nos termos previstos na lexislación vixente en materia de contratación administrativa.
u) As funcións que poida delegar o Consello Reitor ou a Presidencia do mesmo e aquelas outras que correspondendo á Axencia non se atopen atribuídas legal ou regulamentariamente a outro órgano.

2. A Dirección Xerencia poderá delegar nos órganos del dependentes aquelas funcións propias que estime necesario e sexan susceptibles de delegación.

3. No desenvolvemento das súas funcións, a Dirección Xerencia estará suxeita a avaliación conforme aos criterios de eficacia, eficiencia e cumprimento da legalidade, responsabilidade pola súa xestión e control de resultados en relación cos obxectivos que lle foran fixados.

4. A Dirección Xerencia percibirá unha parte da súa retribución como incentivo de rendemento, mediante o complemento correspondente que valore a produtividade, dacordo cos criterios e porcentaxes que estableza o Consello Reitor.

CAPÍTULO CUARTO

ÓRGANOS DE CONTROL

Artigo 17.- Comisión de Control

1. A Comisión de Control estará integrada por tres membros do Consello Reitor, designados por dito órgano, entre aqueles con formación e coñecemento en materias de xestión, orzamentos e tarefas de control no sector público autonómico. Os membros da Comisión elixirán entre eles un/unha Presidente/a na reunión constitutiva, así como un/unha secretario/a, que poderá pertencer ou non á Comisión, actuando neste último caso con voz pero sen voto.

2. Son funcións da Comisión de Control as seguintes:

a. Informar ao Consello Reitor sobre a execución do Contrato de Xestión.
b. Informar ao Consello Reitor sobre a execución do orzamento da Axencia e das súas modificacións, debendo recibir a tal efecto da Dirección Xerencia informes mensuais sobre o estado de execución orzamentaria.
c. Coñecer e informar ao Consello Reitor sobre os informes de control da xestión económico-financeira, e propoñer as estratexias encamiñadas a corrixir as debilidades postas de manifesto neles.
d. Recabar información sobre os sistemas de control e procedementos internos establecidos para asegurar o debido cumprimento das disposicións legais que resulten de aplicación á Axencia.
e. Determinar, a instancia do Consello Reitor e coa periodicidade que este estableza, a información económico-financeira que deba remitirse ao mesmo, sen prexuízo daquela outra que deba someterse a súa consideración ou aprobación de conformidade coa normativa vixente.
f. Coñecer a información económico-orzamentaria que a Axencia, pola súa pertenza ao sector público autonómico, deba elaborar e remitir aos órganos competentes para cumprir as obrigas recollidas na normativa vixente, velando polo cumprimento de ditas obrigas.
g. Informar ao Consello Reitor sobre cantas cuestións lle sexan solicitadas por este.

3. A Comisión de Control reunirase, alomenos, cada ___ meses, resultando de aplicación á mesma o disposto respecto dos órganos colexiados no Capítulo II do Título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

CAPÍTULO QUINTO

ÓRGANOS COMPLEMENTARIOS

Artigo 18. Secretaría Xeral

1. A Secretaría Xeral é o órgano complementario de apoio e de asistencia inmediata á Dirección Xerencia da Axencia Galega de Servizos Sociais, e a el corresponden, con carácter xeral, as funcións de atención e coordinación dos servizos xerais da entidade.

2. Con carácter particular, corresponden á Secretaría Xeral as seguintes funcións:
a) Xestionar, baixo a dirección da Dirección Xerencia, o funcionamento ordinario e as actividades da Axencia.

b) Xestionar, de conformidade coas directrices da Dirección Xerencia os asuntos relacionados co réxime interno, a prevención de riscos laborais e o réxime de persoal da Axencia.
c) O asesoramento e a asistencia ós órganos da Axencia en materia xurídica e administrativa, sen prexuízo da facultade atribuida no artigo 12 ó Consello Reitor para reclamar a presencia dos expertos que estimen conveniente.
d) Asistir á Dirección Xerencia na elaboración da proposta do anteproyecto orzamentario da Axencia, así como na súa xestión, contabilidade, tesourería, contratación, inventario e control do patrimonio.
e) Xestionar os recursos informáticos e bases de datos da entidade.
f) Velar polo mantemento dos edificios e instalacións da Axencia, adoptando as medidas necesarias para garantir a súa conservación e mantemento.
g) Calquera outra atribución que lle sexa expresamente ecomendada pola Dirección Xerencia da Axencia Galega de Servizos Sociais.
3. A Secretaría Xeral será desempeñada por persoal funcionario elexido mediante un procedemento de libre designación con convocatoria pública.

Artigo 19.- Consello Asesor

1. O Consello Asesor é o órgano de asesoramento, estudo e proposta no ámbito das competencias da Axencia.

2. Na composición do Consello Asesor procurarase a paridade de xénero.

3. Formarán parte do Consello Asesor:
a. Unha persoa, designada polo Consello Reitor da Axencia, entre profesionais de recoñecido prestixio e competencia nos ámbitos dos servizos sociais.
b. Representantes das Universidades da Comunidade Autónoma de Galicia no número que sexa decidido polo Consello Reitor, que gocen de experiencia nas materias que integran as funcións propias do Consello Asesor.
c. Un representante da Consellería competente en materia de servizos sociais, designada polo titular do Departamento.
d. Calquera outra persoa que, pola súa experiencia e formación nas materias que integran as funcións propias do Consello Asesor, deba formar parte do mesmo a xuízo do Consello Reitor.

4. As funcións deste Consello Asesor serán:
a. Emitir informe sobre a planificación anual de actividades.
b. Emitir informe sobre a memoria referente á actuación e á xestión da Axencia.
c. Emitir informe sobre os anteproxectos de orzamentos.
d. Emitir informe sobre a aprobación das contas da Axencia.
e. Emitir informe sobre o proxecto de modificación de estatutos.
f. Elevar aos órganos de goberno da Axencia as propostas que considere convenientes no ámbito de actuación desta.
g. Informar ao Consello Reitor e á Comisión de Control sobre cantas cuestións lle sexan solicitadas por estes órganos.

5. O funcionamento do Consello Asesor axustaráse ás normas da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común relativas aos óganos colexiados.

Artigo 20.- Outros órganos complementarios.

O Consello Reitor, a proposta da Dirección Xerencia, poderá, en función das necesidades que xurdan durante a xestión ordinaria da Axencia, dotar á estrutura da Axencia de novos órganos complementarios que desenvolvan tarefas específicas dentro dos diversos sectores de actuación da Axencia.

CAPÍTULO SEXTO

XESTIÓN TRANSPARENTE POR OBXECTIVOS

Artigo 21. Principios de actuación

A Axencia Galega de Servizos Sociais axustará a súa actuación aos principios de interese xeral, obxectividade, eficacia, economía e servizo á cidadanía, e, en particular, aos seguintes:

a. Principio de transparencia e participación, entendidos respectivamente como a rendición de contas á cidadanía e como o compromiso de consulta e participación dos interesados na realización dos seus traballos.

b. Principio de autonomía e responsabilidade, entendidos respectivamente como a capacidade da Axencia de xestionar con autonomía, nos termos establecidos no Contrato de Xestión e nos presentes estatutos, os medios postos á súa disposición para acadar os obxectivos comprometidos, asumindo as consecuencias dos resultados acadados.

c. Principio de cooperación interadministrativa e participación institucional entendidos respectivamente como a disposición activa a colaborar con outros Departamentos e Organismos da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e con outras Administracións Públicas e Institucións.

d. Principio de calidade e mellora contínua, entendido como o compromiso sistemático coa autoavaliación e a utilización de modelos de excelencia que permitan establecer áreas de mellora e prestar os seus servizos dun xeito innovador.

e. Principio de ética profesional e responsabilidade pública, entendido como o compromiso do persoal da Axencia, e especialmente dos seus directivos, de observar na súa actuación os principios éticos e de conducta esixibles aos empregados públicos.

Artigo 22. Contrato de Xestión

1. A Axencia Galega de Servizos Sociais axustará a súa actuación ao seu Contrato de Xestión. O primeiro Contrato de Xestión deberá elaborarse, como máximo, no prazo de tres meses dende a constitución da Axencia, e terán unha vixencia de 4 anos. Os Contratos de Xestión posteriores serán aprobados no último trimestre de vixencia do anterior.

2. O Contrato de Xestión será aprobado por orde conxunta da Consellería de adscrición da Axencia e da Consellería de Facenda, a proposta do Consello Reitor.

3. O Contrato de Xestión haberá de establecer, como mínimo e para o seu período de vixencia, os seguintes extremos:

a. O seu período de vixencia.

b. Os obxectivos a conseguir, os resultados a obter e, en xeral, a xestión adesenvolver.

c. Os plans temporais necesarios para acadar os obxectivos, con especificación dos marcos temporais correspondentes e dos proxectos asociados a cada unha das estratexias e os seus prazos temporais, así como os indicadores para avaliar os resultados obtidos.

d. As previsións máximas do cadro de persoal e o marco de actuación en materia de xestión de recursos humanos.

e. Os recursos persoais, materiais e orzamentarios precisos a aportar para a consecución dos obxectivos.

f. Os efectos asociados ao grao de cumprimento e/ou incumprimento dos obxectivos establecidos con indicación dos mecanismos que permitan a esixencia de responsabilidade dos órganos de xestión e executivos e do persoal directivo.

g. O procedemento a seguir para a cobertura dos déficits económico-patrimoniais que, no seu caso, puideran producirse e as consecuencias de responsabilidade na xestión que se deriven dos mesmos.

h. O procedemento a seguir para a introdución das modificacións ou adaptacións anuais que, no seu caso, procedan.

Artigo 23. Plan anual de acción, informe de actividade e contas anuais
A Dirección Xerencia da Axencia Galega de Servizos Sociais deberá elaborar e propoñer para a aprobación do Consello Reitor, os seguintes documentos: a. O plan anual de acción da Axencia, sobre da base dos recursos dispoñibles, antes do día 1 de febreiro de cada ano.
b. O informe xeral da actividade correspondente ao ano inmediatamente anterior, con anterioridade ao 30 de xuño do ano en curso.
c. As contas anuais, acompañadas do informe de auditoría de contas, con anterioridade ao 30 de xuño do ano en curso.

TÍTULO III

DO PERSOAL DA AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS

Artigo 24. Persoal da Axencia.
1. O persoal da Axencia Galega de Servizos Sociais estará integrado por funcionarios, persoal estatutario e persoal en réxime de Dereito Laboral, de conformidade co que se estableza na correspondente relación de postos de traballo, segundo o disposto no Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia.
2. Sen prexuízo do persoal directivo a que se refire o artigo 30 dos presentes estatutos, o persoal ao servizo da Axencia Galega de Servizos Sociais estará integrado por:
a. O persoal que estea ocupando postos de traballo en servizos que se integren na Axencia.
b. O persoal que se incorpore á Axencia dende calquera administración pública polos correspondentes procedementos de provisión de postos de traballo.
c. O persoal seleccionado pola Axencia, mediante probas selectivas convocadas para o efecto.
3. O persoal ao que se refiren as letras a) e b) do apartado anterior mantén a condición de persoal funcionario, estatutario ou laboral de orixe, dacordo coa legislación aplicable.
4. O persoal funcionario e estatutario réxese pola normativa reguladora da función pública galega, coas especialidades previstas na Lei de creación da Axencia Galega de Servizos Sociais e nos presentes estatutos. Este persoal ocupará postos incluídos nas distintas relacións de postos de traballo da Xunta de Galicia.
5. O persoal laboral réxese polo texto refundido da lei do Estatuto dos Traballadores e polo resto da normativa laboral.

Artigo 25. Procedementos de selección
1. No período previsto no Contrato de Xestión, a Axencia determinará as súas necesidades de persoal a cubrir mediante probas selectivas.
2. Os postos de traballo da Axencia serán cubertos mediante os distintos procedementos de selección e provisión previstos na normativa de emprego público.
3. O persoal laboral ao servizo da Axencia será seleccionado mediante órganos de selección propios, baseándose nos principios de igualdade, mérito e capacidade, así como de acceso ao emprego público das persoas con discapacidade.

Artigo 26. Ordenación dos postos de traballo
1. A Axencia disporá do seu propio plantel de persoal e relación de postos de traballo no marco das previsións que, en materia de recursos humanos, estableza o Contrato de Xestión.

2. A relación de postos de traballo será elaborada polo/a Director/a-Xerente e proposta polo Consello Reitor para a súa aprobación ulterior de conformidade cos trámites previstos na lexislación xeral de función pública e demáis normativa aplicable.

Artigo 27.- Capacidade profesional
O persoal que presta servizos na Axencia Galega de Servizos Sociais desenvolverá a súa carreira profesional de conformidade coas previsións establecidas con carácer xeral na normativa de función pública, sendo artellados os mecanismos precisos para facer efectiva a carreira profesional de todo o seu persoal.

Artigo 28. Reforzamento da capacidade profesional
No marco do previsto na normativa de emprego público, a Axencia Galega de Servizos Sociais promoverá a adquisición e intercambio de experiencias e habilidades técnicas polo seu persoal noutros ámbitos da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e dos organismos públicos adscritos ou dependentes da mesma.

Artigo 29. Réxime retributivo
1. As retribucións do persoal funcionario da Axencia son as establecidas na normativa de función pública da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e as súas contías determinaranse no marco do correspondente Contrato de Xestión e serán as que figuren na correspondente relación de postos de traballo de conformidade co establecido en dita normativa.

2. As condicións retributivas do persoal laboral son as determinadas no convenio colectivo que resulte de aplicación ou no respectivo contrato de traballo e as súas contías determinaranse no marco do correspondente Contrato de Xestión, de conformidade coa normativa que resulte de aplicación.

3. A contía da masa salarial destinada ao complemento de produtividade, ou concepto equivalente do persoal laboral, está en todo caso vencellada ao grao decumprimento dos obxectivos fixados no Contrato de Xestión.

Artigo 30. Persoal directivo
1. Poderán ter a consideración de persoal directivo da Axencia Galega de Servizos Sociais aquel que desenvolva funcións directivas profesionais mediante a ocupación de postos de traballo de especial responsabilidade, competencia técnica e relevancia das tarefas asignadas. A determinacións dos postos que deban ser cubertos por este persoal corresponde ao Consello Reitor da Axencia.

2. En todo caso, terá a consideración de persoal directivo da Axencia o/a titular da Dirección Xerencia da Axencia.

3. O persoal directivo da Axencia é nomeado e removido polo Consello Reitor, a proposta do/da Director/Directora Xerente, entre titulados superiores, de conformidade con criterios de competencia profesional e mediante procedementos que garantan os principios de mérito, capacidade, idoneidade e publicidade.

4. O proceso de selección do persoal directivo será realizado por órganos de selección especializados que formularán unha proposta motivada á Dirección Xerencia da Axencia, e na que se incluirán a tres candidatos para cada posto a cubrir.

5. Cando o persoal directivo da Axencia teña a condición de persoal funcionario/a pública ou estatutario permanecerá na situación de servizos especiais no seu

respectivo corpo ou escala ou na que corresponda de conformidade coa legislación laboral se se tratase de persoal deste carácter.

6. O persoal directivo está suxeito, no desenvolvemento dos seus cometidos, a avaliación con arranxo aos criterios de eficacia, eficiencia e cumprimento da legalidade, responsabilidade pola súa xestión e control de resultados en relación cos obxectivos que lle foran previamente fixados.

7. O persoal directivo percibirá unha parte da súa retribución como incentivo de rendemento, mediante o complemento correspondente que valore a produtividade e o cumprimento dos obxectivos fixados, de conformidade cos criterios e porcentajes que sexan establecidos polo Consello Reitor, a proposta da Dirección Xerencia, no marco do establecido no Contrato de Xestión.

TÍTULO IV

RÉXIME PATRIMONIAL, ECONÓMICO-FINANCIEIRO E DE CONTROL E CONTABILIDADE PÚBLICA

CAPÍTULO PRIMEIRO

BENS E DEREITOS

Artigo 31. Patrimonio.

1. A Axencia Galega de Servizos Sociais conta, para o cumprimento dos seus fins, cun patrimonio propio, distinto do da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, integrado polo conxunto dos bens e dereitos dos que se sexa titular.

2. O patrimonio da Axencia Galega de Servizos Sociais estará constituído por:
- Os bens que a Comunidade Autónoma de Galicia lle adscriba para o cumprimento dos seus fins. Estes bens conservarán a súa calificación xurídica orixinaria, non adquirindo a propiedade dos mesmos e debendo utilizalos exclusivamente para o cumprimento daqueles fins.
- Os bens e dereitos que adquira ou lle poidan ser cedidos por calquera título.

3. A Axencia Galega de Servizos Sociais, mediante a Dirección Xerencia, poderá exercer, tanto sobre os bens propios coma sobre os adscritos, as mesmas facultades de protección e defensa que se recoñecen á Comunidade Autónoma na Lei 3/1985, de 12 de abril, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. En relación co seu patrimonio propio, a Axencia Galega de Servizos Sociais poderá adquirir a título oneroso ou gratuito, posuír, arrendar, permutar e allear bens e dereitos de calquera clase, nos termos establecidos por la lexislación de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

5. Os bens pertencentes ao patrimonio da Axencia Galega de Servizos Sociais incorporaranse ao Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Comunidade Autónoma.

6. Para o mellor cumprimento dos seus fins, a Axencia Galega de Servizos Sociais, de conformidade coas previsións establecidas ao respecto na lexislación patrimonial da Comunidade Autónoma de Galicia, poderá crear e/ou participar en sociedades mercantís e/ou fundacións, cuxo obxecto sexa acorde cos obxectivos da Axencia. Será requisito imprescindible a pertinente aprobación da proposta por parte do Consello Reitor.

7. En todo o non previsto nos apartados anteriores, o patrimonio da Axencia Galega de Servizos Sociais quedará sometido ó disposto na Lei 3/1985, de 12 de abril, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e no Decreto 50/1989, de 9 de marzo, polo que se aproba o seu Regulamento de desenvolvemento.

CAPÍTULO SEGUNDO

RECURSOS ECONÓMICOS

Artigo 32. Recursos económicos.

1. Os recursos da Axencia Galega de Servizos Sociais están integrados por:

a) As transferencias consignadas nos orzamentos xerais da Xunta de Galicia.

b) Os ingresos propios que perciba coma contraprestación polas actividades que poida realizar, en virtude de contratos, convenios ou disposición legal, para outras entidades públicas, privadas ou persoas físicas.

c) A enaxenación dos bens e valores que constitúen o seu patrimonio, de acordo co establecido na lexislación patrimonial da Comunidade Autónoma.

d) O rendimento procedente dos seus bens e valores.

e) As achegas voluntarias, doazóns, herdanzas e legados e demáis achegas a título gratuito de entidades privadas e particulares.

f) Os ingresos recibidos de persoas físicas e xurídicas como consecuencia do patrocinio de actividades ou instalacións.

g) Os demáis ingresos de Dereito público ou privado que estea autorizada a percibir.

h) Calesquera outros recursos que lle poidan ser atribuídos conforme ás disposicións vixentes.

2. O recurso ao endebedamento a longo prazo está prohibido na Axencia, salvo disposición legal en contra. Pola Lei de Orzamentos de cada exercicio autorizarase o límite do endebedamento a curto prazo.

Artigo 33. Ingresos de Dereito Público.

Os ingresos que legalmente deba percibir a Axencia terán a consideración de ingresos de Dereito Público, e a súa recaudación realizarase de acordo co procedemento administrativo correspondente.

Autonómica

CAPÍTULO TERCEIRO

RÉXIME ECONÓMICO, FINANCIEIRO, DE CONTROL INTERNO E DE CONTABILIDADE PÚBLICA

Artigo 34. Réxime económico-financeiro e de contabilidade pública.

1. O Consello Reitor elaborará e aprobará anualmente o seu proxecto de orzamentos e o remitirá para exame á Consellería competente en materia de servizos sociais, que posteriormente o fará chegar en tempo e forma á Consellería de Facenda para a súa consolidación dentro do sector público galego, con aprobación polo Consello da Xunta e posterior elevación ao Parlamento de Galicia.

2. A estrutura do orzamento da Axencia así como a documentación que deberá acompañar ao mesmo establecerase pola Consellería de Facenda.

3. Os orzamentos da Axencia terán carácter limitativo polo seu importe global e carácter estimativo para a distribución dos créditos en categorías económicas, salvo

os correspondentes a gastos de persoal, que en todo caso teñen carácter limitativo e vinculante pola súa contía total.

4. A execución do orzamento da Axencia corresponde á Dirección Xerencia, o cal remitirá mensualmente á Comisión de Control un estado de ejecución orzamentaria.

5. As variacións orzamentarias corresponderán:
a. Ao Conselleiro de Facenda, as variacións da contía global do orzamento así como as que afecten a gastos de persoal e investimentos, a propostal da Dirección Xerencia da Axencia, agás as previstas no apartado seguinte.
b. Á Dirección Xerencia corresponderánlle, as restantes variacións, incluso na contía total, cando sexan financiadas con recursos derivados das letras b), e) f) e g) do artigo 32 dos presentes estatutos, por riba dos inicialmente orzados e sempre que se destinen directamente a fins da Axencia con dotación orzamentaria e existan garantías bastantes da súa efectividade e do correspondente equilibrio orzamentario.

6. Os déficits derivados do incumprimento das estimacións de ingresos anuais compensaránse na forma prevista no Contrato de Xestión.

7. A Axencia quedará sometida ao réxime de contabilidade pública previsto na Lexislación de Réxime financeiro e orzamentario de Galicia. Corresponde á Intervención Xeral da Comunidade Autonóma establecer os criterios que precisa a aplicación da normativa contable á Axencia, nos termos establecidos pola lexislación orzamentaria para as entidades do sector público galego.

8. En todo o non previsto nos presentes estatutos, o réxime económico-financeiro da Axencia rexerase polo das disposicións da Lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 35.- Control económico-financeiro
1. A Axencia está sometido a un dobre control, interno e externo, de carácter económico-financeiro.

2. O control externo da xestión económico-financeira da Axencia corresponde ao Consello de Contas, de conformidade coa súa normativa específica.

3. O control interno da actividade económico-financeira da Axencia corresponde á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, e será realizado baixo as modalidades de control financeiro permanente e de auditoría pública, nas condicións e nos termos establecidos no Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia.

Artigo 36. -Control de eficacia
Sen prexuízo do control de carácter económico-financeiro establecido no artigo anterior, a Axencia está sometida a un control de eficacia, que será exercido a través do seguimento do contrato de xestión, polo centro directivo con competencias na avaliación do rendemento do persoal ao servizo da administración autonómica.

CAPÍTULO CUARTO

CONTRATACIÓN

Artigo 37. Réxime de contratación.
1. O réxime de contratación da Axencia Galega de Servizos Sociais axustarase ao establecido na lexislación aplicable aos contratos celebrados polo sector público.

2. A Dirección Xerencia será o órgano de contratación da Axencia, coas competencias e limitacións que a lexislación en materia de contratación do sector público estableza.

3. A efectos do sinalado na lexislación sobre contratación do sector público e demáis normativa de contratación pública que poida resultar de aplicación, a Axencia terá o carácter de medio propio e servicio técnico da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus organismos e entidades de Dereito Público, podendo encomendarlle a realización de traballos e tarefas incardinadas no ámbito das súas competencias. As encomendas establecerán os termos e condicións de realización dos devanditos traballos ou tarefas.

Artigo 38. Organo de contratación.
A Dirección Xerencia da Axencia será o órgano de contratación da entidade, coas competencias e limitacións que a lexislación en materia de contratación administrativa atribúe ó devandito órgano.

TÍTULO V

DOS ACTOS DA AXENCIA, DOS RECURSOS CONTRA OS MESMOS E DO ASESORAMENTO XURÍDICO

Artigo 39. Recursos
1. Os actos administrativos e acordos dictados polos órganos de dirección e xestión da Axencia Galega de Servizos Sociais poderán ser obxecto de recurso de alzada ante o titular do Departamento competente en servizos sociais. A resolución dictada por este último poderá ser obxecto dos recursos previstos na lexislación xeral sobre o procedemento administrativo e a xurisdicción contencioso-administrativa.

2. As resolucións dictadas polo Consello Reitor en exercizo de competencias administrativas porán fin á vía administrativa, salvo que por Lei especial se estableza o contrario.

3. Os actos e resolucións da persoa titular da presidencia poñen fin á vía administrativa, salvo o que poida establecer unha lei especial, de acordo co disposto nas letras c) e d) do artigo 109 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

4. A competencia para resolver os procedementos de revisión de oficio dos actos administrativos nulos, declarar a lesividade dos anulables e revogar os actos de gravamen ou desfavorables dictados polos órganos que del dependan, corresponderá ó Consello Reitor.

5. A rectificación de erros materiais, de feito ou aritméticos corresponderá ó propio órgano que dictou o acto.

6. As reclamacións previas ao exercicio de accións civís e laborais rexiranse polas súas normas específicas, debéndose formular ante o Departamento competente en servizos sociais, que as resolverá sen prexuízo de recabar cantos informes estime oportunos da Axencia.

7. O recurso extraordinario de revisión interporase de acordo co que estableza a lexislación xeral do procedemento administrativo, e será competente para resolvelo o propio órgano que dictou o acto recorrido

8. A competencia para resolvelos procedementos de responsabilidade patrimonial que se dirixa contra a Axencia corresponderá ó titular do Departamento da Xunta de Galicia competente en materia de Servizos Sociais.

Artigo 40. Asesoramento, representación e defensa en xuízo da Axencia Galega de Servizos Sociais.
A representación e defensa en xuízo da Axencia Galega de Servizos Sociais corresponde ós letrados que serven na Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, salvo que se designe procurador e avogado colexiado que a represente e defenda.

TÍTULO VI

MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS. PROCEDEMENTO DE DISOLUCIÓN, LIQUIDACIÓN, EXTINCIÓN

Artigo 41.-Modificación de estatutos
A modificación dos estatutos da Axencia Galega de Servizos Sociais levarase a cabo por decreto do Consello da Xunta, por proposta conxunta da consellería competente en materia de Facenda e da consellería competente en materia de Administración Pública, previa iniciativa da consellería competente en materia de servizos sociais.

Artigo 42.- Extinción da Axencia Galega de Servizos Sociais
1. A Axencia Galega de Servizos Sociais extinguirase por algunha das seguintes causas:
- Polo cumprimento total dos fins ou obxectivos polos que foi creada a Axencia, de tal xeito que non se xustifique a pervivencia da mesma.
- Pola asunción dos seus fins e obxectivos polos servizos da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A Axencia Galega de Servizos Sociais suprimirase por decreto do Consello da Xunta, por proposta conxunta da consellería competente en materia de Facenda e da consellería competente en materia de Administración Pública, previa iniciativa da consellería competente en materia de servizos sociais. Dito decreto determinará o destino dos bens, dereitos e obrigas da Axencia, así como as medidas aplicables aos empregados do organismo no marco da lexislación reguladora de cada tipo de persoal.